

Esta é a casa
(Diante dunha pintura de Xusto Moreda)

Esta é a casa pálida que un día
nun anco ou na distancia perdín,
aquela que un outono despedín,
que viña cada tarde e se esvaía.

Mais agora parece non ter fin.
Un ceo sen asas fai-na mais esguia,
Un ceo de infancia, un mar que se esvacia
no desamparo, en ondas sobre min.

Casa que abandonou un labrador
e foi taberna, casa de costura,
a do correo vello ao pé da estrada.

E mesmo pode ser outra en maior
desagarimo aquela que aínda dura
perto do faro, a ventos condenada.

Xabier R. Baixeras

A muller transparente ou Nefertite hermafrodita nun cadro de Xusto Moreda

O bosque non está: pero hai o vento
que se move no fondo da pintura
con un rumor de follas, e o alento
dun cervo que respira na espesura

Hai un ollo redondo, un firmamento
circunscrito, unha mirada pura
que fai eterno acaso ese momento

A boca forte e varoni, experta
en segredas caricias, tremelece
como unha fruta sabiamente aberta

E cobra vida o ensoño, e aparece
ese outro ollo garzo, sempre alerta
que é coma un mar que se dilata e crece.

Antón Avilés de Taramancos

Diante dos ollos loucos das señoras de Xusto Moreda

Por qué non hai máis ollos entre as oucas
da memoria, por qué se non constelan
de miradas altísimas e loucas
todas as bocanoites que nos velan.
Por qué nas espirás que se esmacelan
contra a escura paisaxe divisoria
o mundo non se opón, por qué non selan
estas voutas o río da memoria.
Por qué se non transforma cada cousa
na materia belísima e distante
deste ollo ouriluciente que repousa.
Por qué non camiñar polos recintos
desta ingrave follaxe verdegante,
por qué se non perder nos labirintos...

22 Marzo 1984

Darío Xohán Cabana